

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 14 de novembro de 2019 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que modifica as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia (código de procedemento IG408B).*

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 7 de novembro de 2019, acordou modificar as bases reguladoras dos préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. *Modificación das bases reguladoras*

Modificar as bases reguladoras de préstamos directos do Igape para o financiamento empresarial en Galicia, aprobadas por Resolución do 2 de xullo de 2019 (DOG nº 134, do 16 de xullo), nos seguintes aspectos:

a) Modificar no punto 1 do artigo 3, Conceptos de gasto financiáveis, a letra e) e engadir a letra f) para dar cobertura suficiente ao financiamento de pagamentos operativos, nos termos detallados no anexo á presente resolución.

b) Incluír no anexo I das bases reguladoras, Modalidades de préstamos, o punto 1.4 Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval, detallado no anexo á presente resolución, e convocar os ditos préstamos en réxime de concorrencia non competitiva (procedemento IG408B).

Segundo. *Prazo de presentación de solicitudes dos Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval*

O prazo de presentación de solicitudes da liña de préstamos directos do Igape Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará cando se produza a primeira das seguintes circunstancias:

a) Que conforme as solicitudes recibidas, se esgote o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, co fin de pe-



char anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 32 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

b) O 31 de decembro de 2019.

Terceiro. *Dotación orzamentaria*

Establécese a liña de préstamos directos do Igape Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval, polo importe máximo indicado a seguir, que se establece conxuntamente coas restantes liñas de préstamos convocadas por Resolución do 2 de xullo de 2019 (DOG nº 134, do 16 de xullo).

Partida orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020
09.A1-741A-8310	10.000.000 euros	8.000.000 euros

Cuarto. *Prazos de duración do procedemento*

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo de concesión/denegación dos préstamos directos do Igape Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval, será de cinco meses desde a recepción no Rexistro do Igape da solicitude de préstamo.

Quinto. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Sexto. *Contido da convocatoria*

Os requisitos das letras c), e), f), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases reguladoras dos préstamos directos do Igape para o financiamento empresarial en Galicia, publicadas por Resolución do 2 de xullo de 2019 (DOG nº 134, do 16 de xullo), e que se modifican parcialmente nesta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica



**ANEXO****Modificación das bases reguladoras de préstamos directos do Igape para o financiamento empresarial en Galicia**

A. Modificación do punto 1 do artigo 3 das bases reguladoras.

Modifícase a letra e), que pasa a ter a seguinte redacción:

«e) Salvo nos conceptos recollidos na letra f) seguinte, exclúense impostos, taxas e arbitrios, a excepción do IVE cando non sexa recuperable».

Engádesse a letra f):

«f) Pagamentos operativos, entendendo como tales o pagamento de gastos correntes, pagamentos a provedores, acredores por subministracións e prestación de servizos, gastos de persoal e seguridade social, reparacións e conservación, e pagamento de impostos, aínda cando este pagamento non teñan a consideración de gasto do exercicio (tales como os pagos de liquidacións de IVE e retencións). Admitirase tamén o pagamento ou refinanciamento de débedas bancarias vencidas, sempre e cando estas proveñan do desconto comercial ou anticipo de facturas, efectos e/ou contratos de clientes por vendas ou prestación de servizos».

B. Inclusión dunha nova liña de préstamo nas modalidades recollidas no anexo I das bases reguladoras.

Modifícase o anexo I Modalidades de préstamos das bases reguladoras dos préstamos directos do Igape para o financiamento empresarial en Galicia, publicadas mediante a Resolución do 2 de xullo de 2019 (DOG nº 134, do 16 de xullo), incluíndo o punto 1.4 seguinte:

1.4. Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval.

A) Obxecto.

Apoiar financeiramente a empresas que desenvolven actividades no sector da industria auxiliar da construción naval, para permitirilles financiar a longo prazo pagamentos operativos, e así dispoñer dun fondo de manobra suficiente para afrontar posibles atrasos nos cobramentos dos seus clientes.

B) Requisitos específicos dos beneficiarios.

Os establecidos no artigo 1 das bases reguladoras, incluíndo persoas físicas, agrupacións, sociedades civís e comunidades de bens que cumpran os requisitos do citado artigo, e que subministren bens ou servizos a empresas do sector da construción naval (CNAE 301).



C) Requisitos específicos dos conceptos que se van financiar.

Os conceptos que se van financiar co préstamo serán os previstos no punto f) do número 1 do artigo 3 das bases reguladoras, incluíndo pagamento de gastos correntes, pagamentos a provedores, acredores por subministracións e prestación de servizos, gastos de persoal e seguridade social, reparacións e conservación, e pagamento de impostos, aínda cando este pagamento non teña a consideración de gasto do exercicio (tales como liquidacións de IVA e retencións). Admitirase o pagamento de débedas bancarias vencidas sempre e cando estas proveñan do desconto comercial ou anticipo de facturas, efectos e/ou contratos de clientes do sector da construción naval.

A contía financiable será calculada pola solicitante de forma razoada na memoria que deberá presentar xunto coa solicitude, con base nas necesidades financeiras estimadas para a operativa empresarial. O Igape poderá reducir o importe solicitado no caso de non considerar a dita contía suficientemente motivada, con base na análise dos estados financeiros da solicitante.

D) Condicións do produto financeiro.

D.1) Importes mínimo e máximo.

O importe mínimo do préstamo será de 50.000 euros e o máximo de 1.000.000 de euros, e deberá ser aplicado exclusivamente ao pagamento dos conceptos indicados no punto C) anterior.

O importe do préstamo non poderá superar, no momento da solicitude, un importe equivalente á suma dos saldos facturados pendentes de cobramento de clientes do sector de construción naval (CNAE 301), mais os traballos realizados ou en curso pendentes de facturar a empresas do dito sector. O Igape poderá contrastar a realidade destes dereitos de cobramento declarados pola solicitante, mediante circularización aos clientes, e reducir o importe financiable no caso de non obter conformidade expresa dos terceiros.

Os clientes do sector naval computados para estes efectos, non poderán ser empresas vinculadas á sociedade solicitante nin aos seus socios e administradores.

D.2) Prazos de amortización e de carencia.

O prazo de devolución dos préstamos será de 5 anos, incluíndo 2 de carencia na amortización de principal.



D.3) Tipo de xuro e axuda implícita.

D.3.a) Tipo de xuro ordinario.

O capital disposto e non amortizado do préstamo devindicará diariamente, contando desde a disposición dos fondos e ata que transcorra o prazo de vixencia do préstamo, un xuro nominal fixo que se liquidará e pagará con periodicidade trimestral e con carácter vencido, o último día de cada trimestre natural, xunto coa cantidade destinada a amortización de principal salvo no período de carencia.

Para cada unha das disposicións, no período comprendido desde a data da disposición do préstamo ata o último día do primeiro trimestre natural seguinte á disposición, o importe absoluto dos xuros devindicados calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$(C \times R \times T)/36000$$

Onde C = Capital, R = tipo de xuro nominal anual a pagar trimestralmente expresado en puntos porcentuais, e T = número de días naturais comprendidos entre a data de disposición e o último día do trimestre natural.

Nos restantes períodos trimestrais completos de xuros, o importe absoluto dos xuros devindicados calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$(C \times R)/400$$

Onde C = Capital, R = tipo de xuro nominal anual expresado en puntos porcentuais.

O tipo de xuro nominal anual determinarase para toda a vida do préstamo no momento da concesión, resultado de sumar:

– Tipo de referencia: será a media do Euribor a 1 ano do mes anterior á data da proposta de resolución da concesión do préstamo.

– Marxe adicional: será de 2 puntos porcentuais. Se o resultado da subvención implícita no préstamo, obtida aplicando os criterios recollido no anexo III, supera o límite de axuda *de minimis*, incrementarase a marxe adicional para diminuír a vantaxe financeira respecto ao mercado ata cumprir este límite.

O tipo de xuro será do 0 % cando resulte negativo.



**D.3.b) Tipo de xuro de mora.**

Sen prexuízo do dereito de resolución do préstamo, en caso de atraso no pagamento dalgunha das sumas debidas en virtude deste contrato, o prestameiro incorrerá de pleno dereito en mora sen necesidade de requirimento previo e virá obrigado a pagar sobre a suma vencida o tipo de xuro ordinario do período máis 6 puntos porcentuais anuais. Os ditos xuros liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento trimestral de xuros.

**D.3.c) Axuda implícita.**

Con carácter xeral, os préstamos desta modalidade incluírán unha axuda implícita determinada conforme o anexo III das bases reguladoras.

**D.4) Plan de amortización.**

Unha vez finalizado o período de carencia, o reintegro do préstamo realizarase en cotas trimestrais vencidas, o último día de cada trimestre natural, xunto coa cantidade destinada ao pagamento de xuros. O plan de amortización será calculado polo Igape e incorporarse á resolución de concesión. Para o cálculo do plan de amortización utilizarase o sistema de amortización francés, de forma que a carga para afrontar polo beneficiario, resultante de sumar os xuros e as amortizacións para pagar ao trimestre polo beneficiario, se manteña constante durante toda a vida do préstamo tras a carencia.

**D.5) Garantías.**

Con carácter xeral, para esta modalidade de préstamos non se exixirán garantías adicionais á responsabilidade universal da prestameira.

**E) Documentación específica que hai que presentar coa solicitude.**

Ademais da documentación sinalada no artigo 7.2, deberá presentarse xunto á solicitude:

1º. Declaración responsable con relación nominal de clientes empresas do sector da construción naval non vinculadas, nas cales se indique, para cada cliente e referido á data de solicitude do préstamo:

– Cadro resumo das facturas emitidas pendentes de cobramento, achegando a súa copia.

– Cadro resumo de facturas pendentes de emitir, por traballos realizados ou en curso, xuntando copia de contratos no seu caso.



2º. Memoria do proxecto, que desenvolverá o seguinte contido:

i) Antecedentes da empresa e dos seus promotores: historial, principais fitos na evolución da empresa, capacidades básicas (estratéxicas, capacitación da xerencia, organizativas e de control), capacidade técnica da entidade (recursos humanos, técnicos, materiais, colaboracións, cooperación, certificacións de calidade e ambientais), capacidade tecnolóxica da entidade (recursos humanos, técnicos e económicos, patentes I+D+i), capacidade económica da entidade (análise dos estados financeiros, solvencia dos promotores, política de financiamento e rendibilidade).

ii) Descrición dos aprovisionamentos, do proceso produtivo e do comercial. Orixe dos aprovisionamentos, principais provedores, mercado actual (tamaño, características, competencia etc.) e potencial. Análise comercial do produto. Describir expresamente os bens e servizos subministrados a empresas do sector da construción naval, traxectoria neste sector, historial de quebrantos causados procesos concursais de clientes deste sector.

iii) Cuantificación das necesidades financeiras para a operativa empresarial. Causas xustificadas da necesidade de financiar a operativa da empresa.

iv) Cadro de persoal, traballadores nos centros de traballo en Galicia, describindo funcións. Expectativas de mantemento de emprego. Relación de expedientes de regulación de emprego en vigor e presentados nos últimos 12 meses, describindo o seu contido e o número de traballadores afectados.

F) Criterios específicos de avaliación.

Considérase que todos os proxectos co obxecto descrito na letra A) deste anexo son de interese para Galicia polo seu impacto no sector industrial e a súa importancia social, polo que non se establecen criterios específicos de avaliación que poidan supoñer a denegación dos préstamos que superen os limiares de cualificación de risco de crédito establecidos no anexo IV.

G) Non serán aplicables as referencias das bases reguladoras aprobadas mediante Resolución do 2 de xullo de 2019 que entren en contradición con esta liña de préstamos.

C. Modifícase o anexo VI.1 das bases reguladoras publicadas mediante Resolución do 2 de xullo de 2019 (DOG nº 134, do 16 de xullo).




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO VI.1**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRÉSTAMOS DIRECTOS DO IGAPE PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL EN GALICIA	IG408B	SOLICITUDE

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE
TELÉFONO		FAX	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
ACTIVIDADE						

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a:	<input type="checkbox"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="checkbox"/> Persoa ou entidade representante
As notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do enderezo da internet <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> . Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> , logo de identificación mediante certificado.	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

<b>DATOS BANCARIOS</b>						
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos, consignados, relativos á conta bancaria indicada.						
TITULAR DA CONTA			NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
IBAN						

<b>ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE</b>					
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO/A	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE

<b>PODER DE REPRESENTACIÓN</b>			
PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO/A	Nº DE PROTOCOLO

<b>SOLICITUDE PARA</b>	
<input type="checkbox"/> IG260 - Préstamos para investimentos estratéxicos <input type="checkbox"/> IG261 - Préstamos para financiar investimentos en elementos de transporte de mercadorías por estrada propulsados por motores de combustibles alternativos <input type="checkbox"/> IG262 - Préstamos para financiar investimentos en infraestruturas de uso compartido e desenvolvemento de proxectos en Galicia por parte de centros tecnolóxicos e asociacións empresariais <input type="checkbox"/> IG269 - Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval	

CVE-DOG: fwj1916-qpk9-vje7-dxa0-g3c24arzdus3


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO VI.1**  
**(continuación)**
**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

A documentación específica sinalada no anexo I para cada modalidade de préstamo.

Préstamos para investimentos estratéxicos.

Memoria do proxecto co contido establecido na letra E) do punto 1.1 do Anexo I das bases reguladoras

Préstamos para financiar investimentos en elementos de transporte e maquinaria industrial propulsados por motores de combustibles alternativos.

Memoria do proxecto co contido establecido na letra E) do punto 1.2 do Anexo I das bases reguladoras

Préstamos para financiar investimentos en infraestruturas de uso compartido e desenvolvemento de proxectos en Galicia por parte de centros tecnolóxicos e asociacións empresariais.

Memoria do proxecto co contido establecido na letra E) do punto 1.3 do Anexo I das bases reguladoras

Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval.

Declaración responsable con relación nominal de clientes empresas do sector da construción naval non vinculadas, nas cales se indique, para cada cliente e referido á data de solicitude do préstamo: cadro resumen das facturas emitidas pendentes de cobramento, xunto coa súa copia e cadro resumo de facturas pendentes de emitir, por traballos realizados ou en curso, xunto coa copia dos contratos, se é o caso.

Memoria do proxecto co contido establecido na letra E) do punto 1.4 do anexo I das bases reguladoras.

Informe detallado da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) correspondente ao último período dispoñible, consistente nun arquivo en formato PDF asinado electronicamente que o solicitante deberá obter da Oficina Virtual do Banco de España (actualmente no enderezo da internet <https://sedeelectronica.bde.es>)

Persoas xurídicas, de ser o caso:

Contas anuais correspondente ao último exercicio pechado, auditadas, se é o caso.

Balance e conta de resultados recentes, asinados polos administradores.

Persoas físicas ou comunidades de bens, de ser o caso: copias das declaracións de IVE: resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente.

Copia da declaración de solicitude de impacto ambiental, ou declaración responsable de non ter que realizala, de ser o caso.

Descrición completa das actividades afectadas ou declaración responsable de non estar as actividades situadas en zonas naturais protexidas, no caso de actividades situadas en zonas naturais protexidas,

Proxecto técnico elaborado para a obtención da correspondente licenza urbanística no caso de proxectos que inclúan gastos de obra civil e cando sexa preceptiva dita licenza (construción ou reforma de nave, oficinas, locais comerciais, etc.). Exceptúase da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores.

Relación detallada dos investimentos para realizar, distinguindo entre bens novos e usados.

Copia do contrato de alugamento/concesión/superficie do inmovible obxecto do proxecto de investimento, se é o caso.

ÓRGANO	COD. PROC.	ANO
--------	------------	-----

**En caso de persoas xurídicas:**

Escritura/acta de constitución e dos estatutos debidamente inscritas no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.

Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

**OPÓÑOME Á CONSULTA**

DNI/NIE da persoa representante.

0

NIF da entidade representante.

0

NIF da entidade solicitante.

0

Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).

0

Certificado de estar ao día das obrigacións tributarias coa AEAT.

0

Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

0

Certificado de estar ao día do pagamento coa Consellería de Facenda.

0

Certificado da renda do último exercicio no caso de persoas físicas ou comunidades de bens.

0

Para o estudo da solicitude e o seguimento posterior das operacións será necesario cualificar o risco de crédito. Exclusivamente con esta finalidade poderanse solicitar informes de solvencia financeira da solicitante e dos seus avalistas, dos rexistros mercantis e da propiedade, da Central de Información de Riscos do Banco de España, así como de bases de datos, públicas e privadas, que recompilen datos de morosidade, incidencias xudiciais ou outros. Tamén se poderá obter información do cumprimento e historial crediticio das entidades financeiras que participen no financiamento do proxecto, así como das sociedades de garantía recíproca.

0




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO VI.1  
(continuación)**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE
RESOLUCIÓN do 2 de xullo de 2019 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408B); (DOG nº 134, do 16 de xullo). Resolución do 14 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que modifica as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia (código de procedemento IG408B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

 	
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)	

